

## Réquiem

Espertei no chan. Tiña o corpo totalmente agarrotado, apenas podía moverme. Torpemente, tratei de poñerme en pé, aínda que estiven a piques de caer un par de veces. Mirei ao meu redor, pero non distinguía nesa escuridade silenciosa que me rodeaba. Tratei de facer memoria e lembrar que era o que facía alí, nese mar negro onde o silencio cortaba a miña pel, causándome dor e facendo que brotara sangue de min. Esa dor era demasiado real, palpable e latente para tratarse soamente dunha sensación. Baixei a vista e fiquei de pedra. Onde antes estiveran as miñas queridas mans, agora non había nada. Os meus brazos remataban nos meus pulsos, e despois soamente había un vulto palpitante do que abrollaba sangue.

Sentín a necesidade de gritar, pero os meus pulmóns xa non funcionaban. Isto non podía ser real. No canto de berrar, botei a correr, pero unha parede interpúxose no meu camiño e non puideron seguir avanzando. Estaba encerrado naquela habitación negra. Precisaba saír de alí e buscar as miñas mans, tiñan que estar nalgún lado. O medo fíxome o seu escravo, e volvíñ correr cara o outro lado da estancia. Esta vez ningunha parede se interpuxo, pero si algo que fixo que quixera berrar aínda máis.

Un fermoso moble de madeira de carballo alzábase ante min, deixando as súas teclas brancas e negras á vista dos meus chorosos ollos. O meu piano, o mesmo co que aprendera a tocar, guiado polo meu mestre, atopábase diante miña, como unha broma irónica do destino.

Lembrei, con mágoa, o meu último concerto. Milleiros de persoas acudiran ao recital. Lembraaba como o emperador de Austria se levantara do seu asento para

aplaudir, e como o gozo ascendera lentamente polas miñas veas, enchéndome de orgullo.

A miña mente volveu á cruenta realidade, e os meus ollos volvéronse pousar sobre as teclas. Pecháronse e permaneceron así por un tempo, deixando caer bágoas de dor, mentres o meu corpo daba contra o chan e a miña mente íase deste mundo por un intre.

Volvín espertar, pero esta vez estaba sentado nunha cadeira. Desesperado, mirei as miñas mans. Seguían desaparecidas, pero o vulto latente de antes, agora estaba cuberto por uns pequenos anacos de gasa. Quixen poñerme en pé, pero non puideron. Estaba amarrado á cadeira, os meus brazos eran presa dun cinto, e os meus pés tamén. Mirei ao meu redor, e esta vez, vin algo máis que escuridade. Un home, iluminado por unha tenue luz de candil, mirábame desde o outro extremo do cuarto. Adiviñei rancor na súa mirada, e odio, moito odio. O home, ao ver que estaba esperto, acercouse onda min.

- Quen es? – preguntei, para a miña sorpresa, pois non me cría capaz de falar.
- Coñécesme moi ben... – dixo o home, inclinándose sobre min, deixando o seu pálido rostro a uns poucos centímetros do meu.

Alcancei a ver os seus ollos azuis, grandes e resplandecentes, cheos de vida. Recoñecinos inmediatamente. Eses ollos soamente podían ser dunha persoa... Pero era imposible. O destino tíñase que estar a burlar de min, aquilo non podía ser real.

- Ficaches calado ou que? – preguntou, ao mesmo tempo que se mofaba.
- Por que me tes aquí? Que fixen eu? – preguntei, aínda que temía saber a resposta.

- E aínda tes a cara de preguntalo? – preguntou o home, falsamente sorprendido. – Son presa dos meus fantasmas, que foron invocados por ti. A miña vida agora baséase no meu fin, son escravo do meu propio réquiem que eu mesmo escribín... Mentres era envelenado. Morrín descoñecendo a triste e macabra verdade, que ti, *querido amigo*, ocultaches. Entendes agora?
- Pero... Non entendo, se es quen dis ser... Non podes estar aquí! – sentín como o pavor subía pola miña espiña, chegando ata todos os recunchos do meu corpo. – Isto non é real, é todo un pesadelo...

O home botou a rir. Ou mais que home, pantasma. Eu o vira morrer. Vin como a vida deixara o seu corpo, como os seus brillantes ollos azuis, case como mares, perdían toda a súa chispa e se apagaban. Eu mesmo comprobara o seu pulso e consolara a Constanze, que caera rota nos meus brazos.

- Parece que o destino caprichoso deume outra oportunidade... Unha oportunidade para poder vingarme e poder descansar eternamente. – dixo o home, ao tempo que unha sombra de maldade cruzaba a súa face.
- Por favor, ten piedade, eu non fixen nada, tes que crerme... – a miña voz tremía por culpa do medo.
- Que non fixeches nada? Esa si que é boa... Entón, a causa da miña morte non está escrita nas túas mans? Son inocentes, como a filla que deixo atrás?

Non sabía que responder. Fiquei mudo e os meus ollos comezaron a chorar. Non podía ser que fose coñecedor da verdade. Era imposible, tomara todas as precaucións posibles para evitar que iso sucedera... Non daba crédito ao que me estaba a contar o home...

- Que, segues a pensar que non tes culpa ningunha? – o home fixo unha pausa, durante a cal eu quedei calado, chorando en silencio. – Contesta!
- Fun obrigado, tes que crerme!
- Non veñas con esas agora! De verdade pensas que son tan imbécil como para tragarme iso? Recordábatche máis intelixente, Salieri...

Oír o meu nome da súa boca, produciume un calafrío que me subiu por todo o corpo. Os beizos dun morto nunca volvíanse abrir... E menos para pronunciar un nome, *o meu nome*. Sentín a necesidade de saír correndo, pero no meu estado, cada vez máis débil por culpa da cantidade de sangue que estaba a perder, iso era inviable. Tiña que asumir o meu destino. Todo ía rematar aí mesmo, ía morrer a mans da miña vítima, que resucitara de entre os mortos para facerme sufrir tanto como eu lle fixera sufrir a el.

Ás veces, a fortuna era caprichosa, pero no meu caso estábame a castigar do peor xeito posible, e o peor de todo e que, no máis fondo de min, sabía que o merecía. Merecíame cada unha desas palabras ferintes que Mozart estaba a soltar pola súa boca. Cada unha delas.

- Creo que xa sabes o motivo da miña presenza... Pero, como non son tan cruel coma ti, antes de rematar, quero despedirte cunha canción... *Co meu Réquiem*.

Antes de que eu puidera dicir algo, o pianista sentou fronte o seu instrumento e comezou a tocar. Cando as primeiras notas comezaron a soar, as lembranzas do seu funeral acudiron á miña mente. Soamente acudíramos uns poucos, os máis achegados a el.

Na miña mente, materializouse a imaxe do corpo de Mozart envolto nunha saca negra. Vin como Constanze se abalanzaba sobre o corpo, miúdo e delgado,

chorando pola súa morte. A melodía triste que emanaba o piano facía os recordos máis e máis lúcidos cada vez, facéndome ver o que eu fixera. A maldade das miñas accións. Como eu, presa da envexa e da cobiza, fora capaz de matar a un ser humano, e mesmo gozar do momento. Dinme conta de que todo ese tempo, o demo non fora o mozo prodixio... Fora *eu*.

Rematou a peza musical, mais eu non me decatei. Seguía inmerso nos meus pensamentos... Ata que sentín o frío coitelo atravesar a miña fina pel. Sentín como o sangue saía de min, pintando unha escena macabra. A gorxa era agora unha ferverza vermella, pola que fluía a miña mísera vida, deixándome baleiro por dentro.

Antes de pechar por última vez os ollos, diante de min puiden ver a miña imaxe reflectida no espello da miña habitación, e cando comprendín o que fixera, deixei caer o coitelo e mirei por última vez a eses ollos azuis que, ameazantes, observábanme desde o teito, como unha sombra maligna axexando a súa presa.